



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A CELEBRACIÓN DO SEMINARIO *NOVAS NARRATIVAS PARA A HISTORIA DA ARTE* NO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para a realización do Seminario *Novas narrativas na Historia da Arte Contemporánea*.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O seminario “Novas narrativas para a Historia da Arte” ten como obxectivo establecer unha aproximación ás novas metodoloxías da historia contemporánea de Galicia que permitan tamén abordar a historia de Galicia e no ámbito do CGAC, definindo que historia de arte galego é posible establecer desde a colección do museo (CGAC) en relación directa tamén cos contextos nacionais e internacional. Neste senso, a USC sitúase no mesmo contexto que o CGAC, con idénticos intereses e cunha produción de pensamento teórico e de investigación que cando aborda o arte contemporánea de Galicia é de gran interese para o CGAC e polo tanto para a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Con esta colaboración, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está a contribuír a facer visible a historia da arte contemporánea en Galicia, necesario coñecemento para un impulso da arte contemporánea entre a sociedade galega.

A USC realiza seminarios, estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión..... adaptándose as demandas da sociedade e traballos de investigación como centro de docencia e investigación.

Neste marco referencial a USC, é concretamente a través do seu departamento de Historia da Arte presta unha especial atención á Historia da Arte de Galicia e é a única entidade pública que realiza estas labores de estudio e investigación da historia do arte contemporánea en Galicia, circunstancia que xustifica a imposibilidade de conveniar con outras entidades para esta finalidade.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>



A administración autonómica, coa sinatura do presente convenio adquire un activo inmaterial, obtendo polo tanto unha contraprestación. Os resultados froito deste convenio, derivados da celebración do seminario onde se reflexionará dun xeito ambicioso en torno a historia da arte contemporánea en Galicia, centrándose na creación realizada no último século, serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a USC. Por outra parte a Consellería resérvase o dereito de publicar os resultados obtidos durante a duración do convenio e a que estes teñan carácter público.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, aos efectos da súa remisión ao Rexistro de convenios, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela o 18 de decembro de 2017.

